

## **Vigo-Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2020.**

As praias da illa de Ons serán o escenario dunha nova xornada de limpeza de lixo mariño programada para o próximo xoves 20 de febreiro pola *II Rede para a Recuperación dos Ecosistemas Mariños no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*.

Os máis de oitenta participantes previstos, fan desta, unha das máis multitudinarias limpeza desenvolvidas ata o de agora polos colaboradores do proxecto nas praias do parque. Ademais do propio persoal do Parque Nacional e do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, participarán nesta ocasión, un nutrido grupo de estudantes e profesores da Escola de Capataces Forestais de Lourizán e do Colexio Montesol de Vigo, así como tamén diferentes asociacións do terceiro sector como Amicos, Con Eles ou Bata.

As praias de As Dornas, Area dos Cans e Melide serán os enclaves sobre os que centraranse as labores de limpeza, clasificación e pesada, todo elo en horario de mañá, desde a chegada dos voluntarios á illa pasadas as 11 da mañá, ata o xantar, previsto para as 14:00h.

Xa en horario de tarde, a xornada completárase cunha serie de actividades entre as que poderán elixir os voluntarios, un paseo guiado pola illa, a realización de traballos de eliminación de flora exótica invasora acompañados polo persoal do parque, ou mesmo tempo libre de lecer, para gozar das paisaxes e da marabillosa biodiversidade que ofrece a máis grande das illas do arquipélago de Ons.

Ademais desta limpeza, e continuando coas labores formativas e divulgativas que se están a realizar ao longo deste proxecto, para principios do mes de marzo está prevista tamén a celebración dunhas interesantes xornadas no centro de visitantes do Parque Nacional na rúa Cambón de Vigo, nas que abordárase a problemática dos lixos mariños desde un punto de vista “en feminino”, e que contarán coa participación de recoñecidas profesionais de diferentes sectores que afondarán nas súas propias experiencias en relación co lixo mariño e as tarefas de prevención.

Dúas novas accións realizadas no marco deste premiado proxecto en rede de loita contra o lixo mariño que desenvólvese coa colaboración da Fundación Biodiversidade, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Programa pleamar, cofinanciado polo FEMP, e que é complementario ao proxecto LIFE-IP INTEMARES.

**Colexio Oficial de Biólogos de Galicia**

**Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

**Centro Oceanográfico de Vigo (IEO)**